

**V Colóquio  
Hispano-Português  
de Estudos Rurais**

## **Futuro dos Territórios Rurais numa Europa Alargada**

Bragança  
23 – 24 de Outubro de 2003

### **COMUNICACIÓN:**

**“O cooperativismo nas transformacións sociais  
e agrarias dunha área vitivinícola galega:  
O Ribeiro, 1950-1975”.**

**Anxo Collarte Pérez**

Departamento de Historia Contemporánea e de América da  
Universidade de Santiago de Compostela.

## Introducción histórica<sup>1</sup>.

Situada no sur de Galiza, no curso medio do río Miño, antes de que este configure a raia húmida, O Ribeiro é unha comarca agraria ben definida dende a baixa Idade Media pola súa raigame vitivinícola. Nas encostas dos vales do Miño e os sus aflúntes Avia e Arnoia medran as cepas do que historicamente foi o viño galego por excelencia, gracias ao seu benigno microclima (atlántico con marcadas influencias mediterráneas) que permite o cultivo satisfactorio das distintas castes viníferas autóctonas do País Galego. Malia vivir en permanente crise na Idade Contemporánea, o Ribeiro seguiu a ser a terra senlleira da viticultura galega. A cultura social da zona xiraba arredor dunhas videiras que conformaban un verdadeiro monocultivo nos vales do Avia, o Miño ou o Arnoia.

O terrado caracteríase polo minifundismo, que configura un predominio da pequena explotación que na actualidade, en moitos casos, mantén ínfimas dimensións malia o proceso reestructurador dos derradeiros trinta anos do século pasado. Xunto coas pequenas explotacións, maiormente insuficientes e por elo acostumadas á pluriactividade familiar, existían capitais fundiarios de maiores dimensións, propiedade de elementos nobiliarios ou antigos servidores destes, que en moitos casos emparentarían con familias burguesas. Estes propietarios abastados empregaban man de obra asalariada, constituíndose o Ribeiro como unha das áreas do agro galego con maior presenza do traballo asalariado.

Os séculos baixomedievais e os comezos da Idade Moderna asistiron ao maior auxe do viño do Ribeiro. A sona dos caldos de Ribadavia permitía a súa exportación con altas cotizacións á Europa atlántica, dende Inglaterra a Flandres e dende o País Basco a Compostela. Non embargante, acontecementos políticos e crises agrícolas contribuíron á progresiva perda de mercados para as exportacións ribeirás dende o século XVII. Particularmente graves serían as consecuencias derivadas da Guerra de Sucesión española. A rivalidade política entre as coroas inglesa e española ao longo do século XVIII provocaría a práctica desaparición das exportacións dos caldos ribeirais cara o norte de Europa, sendo substituídos os viños do Ribeiro polos do Porto no mercado británico, especialmente a partir do tratado anglo-luso de Methuen (1713). Daquela a decadencia do Ribeiro escomezaba dende a perda dos mercados externos ao País Galego na fin do antigo rexime. Os viños máis elaborados coma o doce tostado serían os maiormente afectados e

---

<sup>1</sup> O autor deste traballo é bolseiro predoutoral da Xunta de Galicia e forma parte do proxecto de investigación de historia agraria, social e medioambiental *“Agricultura atlántica en la Península Ibérica y transformaciones del mundo rural en el siglo XX. Condiciones tecnológicas, medioambientales e institucionales de los cambios”*, do departamento de Historia Contemporánea e de América da Universidade de Santiago de Compostela. Proxecto dirixido polo profesor Lourenzo Fernández Prieto, con financiación do MCYT.

o Ribeiro dende entón caracterizarase netamente por ser “un viño galego para galegos”.

Non embargante, a apertura de novas vías de comunicación, singularmente o remate do camiño de ferro de Vigo a Castela cara a fin do século XIX, lonxe de contribuir a facilitar a saída dos viños ribeiraios (fracasaran proxectos coma o de canalización do Miño exposto ao rei Carlos III na fin do século XVIII) rematou por favorecer a introducción dos viños casteláns en Galiza.

Como conclusión cabe dicir que o papel preponderante da vitivinicultura nas actividades agrarias da bisbarra determinaba un grao de mercantilización e de monetarización da economía agraria descoñecido nas áreas non vitivinícolas, nas que unha porcentaxe moito maior do produto da explotación agropecuaria remataba por fornecer o autoconsumo familiar.

### **Dende a crise agraria finisecular ate a Guerra Civil (1880-1936).**

A guerra civil e os primeiros anos de dictadura franquista xugaron intensos procesos de transformacións sociais e adaptacións técnicas que xermolaban dende o cambio de século. Co gallo da intensa reprimación de cepas que conlevou a crise filoxérica substituíronse a maior parte das castes autóctonas pola variedade Alicante ou Garnacha Tintorera no caso do tinto e o Jerez-Palomino no do branco, que ao tempo que incrementaban os rendementos diminuían a calidade dos caldos da zona, cada vez máis homologados aos seus competidores casteláns, viños estes, producidos polo xeral con custes inferiores aos que se dispensaban no Ribeiro. Facíase moi complicado dar saída ao mercado aos viños do Ribeiro, e cando se conquería, a cotización acostumaba a ser baixa. Nin a exportación nin o engarrafado se consolidaron e de feito mesmo se tentou ensaiar a reprimación de cultivos substitutivos da vide coma o tabaco.

A reprimación vitícola a base de barbados americanos non foi a única transformación importante no traballo das viñas na primeira metade do século XX. Tal como reflicte Domínguez Castro (1992 : 189-264), comezouse a desenvolver o viñado en espaller, renovouse o instrumental de fumigación e introduciuse o laboreo con arado nas viñas dos propietarios máis acomodados que eran os que habitualmente ensaiaban as innovacións. Nas adegas do Ribeiro, tal como aconteceu durante todo o século XX, as transformacións non acadaron a mesma relevancia, estrañándose vinificacións das que resultaran viños de calidade agás de novo no caso das adegas dos maiores propietarios. Tampouco o Estado poría moito empeño por mudar esta realidade e ate os anos oitenta non se inaugurou, na denominación de orixe, a Estación Enolóxica de Galicia, ubicada en Leiro.

Nestes primeiros anos do século XX acontece un importante proceso de organización de plataformas sociais de defensa dos intereses vitivinícolas, tanto sociedades como sindicatos agrarios, creados nunha ampla vaga apartires da apertura da estrutura de oportunidades políticas por parte dos gobernos da Restauración monárquica (*Ley de asociaciones* de 1887, instauración do sufraxio universal masculino en 1890, *Ley de sindicatos agrícolas* de 1906). De feito, o Ribeiro constituíuse nun dos principais focos de axitación agrarista. A defensa das producións autóctonas perante as importacións fraudulentas de viño castelán<sup>2</sup> e a loita antiforal constituíronse nos principais vectores de mobilización dun movemento eminentemente populista coma o liderado por Basilio Álvarez (Soutelo Vázquez, 1999). Por outro lado, a doutrina social da Igrexa tamén fixou a súa atención no Ribeiro, na promoción de sindicatos confesionais, moi numerosos na bisbarra malia que efémeros mais aló de periodos de reacción católica contra campañas de axitación agrarista. Liquidada na práctica a cuestión foral dende o decreto redentor de 1926 e esvaídos os grupos agrarios tanto católicos coma populistas, os anos trinta verán a constitución de sindicatos formados exclusivamente por traballadores da terra e que se vencellaban a organizacións sindicais da esquerda coma a CNT (anarquista) e a UGT (socialista) e que tentaron regular o traballo asalariado na zona antes de ser os seus membros duramente represaliados na Guerra Civil.

## **A Guerra Civil e as repercusións do novo rexime nos anos corenta.**

O Ribeiro coma o resto do País Galego caen en poder da sublevación facciosa no mesmo verán de 1936 en que se inicia a Guerra Civil española. Un violento cambio no escenario político que provoca unha convulsión nos planos social e económico.

A liberdade de acción política e sindical acadada na II República de 1931 a 1936 son eliminadas e substituídas progresivamente pola organización sindical corporativista, que como veremos terá un papel de primeira magnitude na implantación do cooperativismo e de outras transformacións da vitivinicultura da zona dirixidas dende as institucións do rexime.

Mais a inmediata posguerra convertiuse nun escenario de profunda depresión para as economías dos pequenos campesiños do Ribeiro<sup>3</sup>. Os beneficios obtivos polas explotacións vitícolas de maior tamaño e que daquela empregaban man de obra asalariada foron nos anos corenta os maiores ate entón e non voltarían a acadarse. A contrapartida foi un descenso dramático dos salarios satisfeitos aos xornaleiros, que non eran

---

<sup>2</sup> A loita contra este viño matute xunguía por unha vez a pequenos e grandes propietarios, que a miúdo compartían tamén pertenza ás mesmas sociedades agrarias.

<sup>3</sup> Tomando como fonte os xornais pagos por unha das máis grandes explotacións vitícolas rebeirás, Domínguez Castro (1999: 326) constata unha caída dos salarios reais masculinos do cincuenta por cento nos anos corenta e cincuenta, non recuperándose o nivel existente no remate da Guerra Civil ate o 1962.

senón pequenos viticultores que sobrevivían por medio da pluriactividade laboral dos distintos membros da familia, unha pluriactividade laboral dificultada polo incremento da poboación activa agraria nun contexto de ruralización do país pola crise económica xeral da España da posguerra (Barciela e outros, 2001) que impedía o trasvase de efectivos agrarios cara os sectores secundario e terciario. Outro recurso esencial para a regulación dos excedentes de xoves activos rurais e a financiación das facendas labregas, como fora a da emigración permanecería bloqueada na práctica ate os anos cincuenta.

A intervención dos mercados agrarios na posguerra tamén perxudicou especialmente as economías dos pequenos produtores. O sistema de intervención das producións primarias, da súa distribución e o racionamento de alimentos implantado dende o mesmo remate da Guerra Civil non só non racionalizaron a xestión dos recursos senón que remataron por viciar a todo o sistema económico e social do país a partir da corrupción e a ineficacia instaladas na administración do rexime franquista.

A adopción de innovacións na pequena explotación viuse practicamente bloqueada ate os anos sesenta. Incluso se deu un retroceso con respecto á preguerra na motorización dos traballos agrarios debido ás dificultades no abastecemento dun combustíbel racionado agás para os máis achegados ao poder. Respecto aos insumos agrarios, o seu abastecemento viuse grandemente dificultado na posguerra. Escaseza, baixa calidade e alto prezo eran os denominadores comúns no mercado de insumos como os anticriptogámicos, os adubos e os penso<sup>4</sup>. A escasa cantidade a disposición no mercado intervido determinaba a existencia dun mercado negro practicado mesmo polas xerarquías do rexime. No mercado negro os prezos multiplicábanse e as mercadorías aparecían de cote adulteradas.

<sup>4</sup> Extracto do informe de distribución de insumos da HSLG de Leiro respecto das necesidades de consumo estimadas para o Concello (cantidades expresadas en quilos).

<b>Insumo</b>	<b>Cantidade necesitada total 1944-1947</b>	<b>Cantidade distribuída total 1944-1947</b>	<b>Relación necesidades/distribución en %</b>
Sulfato de cobre	400.000	316.189	79'04
Xofre	100.000	10.700	10'70
Arseniato chumbo	8.000	1.100	13'75
Adubos químicos	88.000	0	0
Pataca semente	460.000	45.000	9'78
Cebada penso	400.000	20.000	5'00
Salvado penso	500.000	20.000	4'00
Pulpa remolacha	108.000	5.000	4'63

Fonte: informe elaborado pola secretaría da HSLG de Leiro. ACAT.

En definitiva, todas estas precariedades determinaban un aumento de custes de produción que só podía ser atallado por medio dun aumento na autoexplotación da man de obra familiar, a práctica do estraperlo<sup>5</sup> ou no caso do Ribeiro mesmo a práctica humillante do troco de estampas de santos por cereais nas áreas montañosas circundantes (Domínguez Castro, 1998: 118).

As dificultades para a comercialización nun mercado intervido, a escaseza de insumos e a súa baixa calidade, a imposibilidade de acometer melloras no sistema agrario, a dificultade de atopar saídas laborais alternativas e por elo a superpoboación das aldeas e a exigüidade dos cultivos cerealeiros na comarca remataban por configurar o panorama mísero das economías labregas nos anos corenta, os anos da fame, como o foron os do lustro de 1941 a 1945.

Non embargante por volta do decenio dos cincuenta e ate a fin do rexime autoritario, precipítanse intensas transformacións na viticultura do Ribeiro, difíciles de analizar sen atender ao impacto do cooperativismo tutelado dende o Estado a través da organización sindical corporativista.

### **O sindicalismo corporativo franquista.**

No transcurso da Guerra Civil a liberdade de acción sindical foi eliminada nas zonas controladas polo bando sublevado, agás no caso dos sindicatos católicos<sup>6</sup>. A acción lexislativa dos gobernos franquistas ratificou esta liquidación do sindicalismo. Os decretos da *Carta o Fuero del Trabajo* e de *Organización de Sindicatos del Movimiento* de 1938 determinaban o novo escaerio das relacións laborais no cal os traballadores ficaban subordinados perante unhas institucións clasistas coma o propio rexime franquista. Os bens confiscados aos sindicatos de clase eran entregados á *Delegación Nacional de Sindicatos*, delegación que supuña o chanzo superior da estrutura dos sindicatos verticais do franquismo, constituídos progresivamente nos anos corenta. Mediante o sindicalismo corporativo o rexime pretendía ordear tanto as relacións laborais como a economía nacionais<sup>7</sup>. O obxectivo de control das relacións laborais foi sempre cumprido en detrimento da liberdade de acción dos traballadores, non embargante, non aconteceu así respecto do ordeamento das empresas, dado que a autonomía das industrias e empresas de servizos permaneceu inalterada.

---

<sup>5</sup> Entre o mercado negro, unha modalidade especialmente importante no Ribeiro foi a do contrabando transfronteirizo con Portugal, tradicional na raia, mais adaptado e amplificado pola autarquía española, tal como describe Soutelo Vázquez (2001a).

<sup>6</sup> Ningún deles subsistiu á guerra nin na área do Ribeiro nin sequera en toda a provincia de Ourense.

<sup>7</sup> Cómpre sinalar as similitudes deste modelo organizativo co corporativismo portugués representado nos *Grémios da Lavoura* e as *Casas do Povo* (Silva, 1989).

No mundo agrario ambos obxectivos serían tamén procurados polo rexime. No eido das relacións laborais cabe suliñar a implantación en cada concello (*ayuntamiento*) dunha *Hermandad Sindical de Labradores y Ganaderos* (HSLG) que cumpría entre outras a función de encadrar a todos os propietarios rústicos como membros deste *sindicato único* e era competente en funcións de policía rural, regulamentación do mercado de traballo, arrendamentos rústicos ou tribunal laboral de primeira instancia. Respecto da ordeación económica do agro, esta viña sendo exercida polos sindicatos oficiais a través das denominadas *Obras Sociales Sindicales*. Estas abranguían un amplo espectro de actividades, dende vivenda, aseguranzas sociais e subsidios ou obras públicas ate a obra social de cooperación que é á que nos interesa achegarnos nesta análise.

A obra social de cooperación e a vida cooperativa en xeral no franquismo foi regulada pola *Ley de Cooperación* de 1942, que substituíu á anterior lei de cooperativas de 1938 e estaría vixente ate 1974. Esta lei situaba a todas as cooperativas españolas baixo o aparello do Estado, que se convertería, no organizador do maior movemento cooperativo do país a través da *organización sindical*. Nos distintos niveis do sindicalismo vertical estableceríanse cooperativas agrarias.

As HSLG contaban con seccións cooperativas que permaneceron moi pouco activas en toda Galiza, mentres que a nivel provincial, a acción neste eido correspondíalle ás UTCC ou UTECO (*Unión Territorial de Cooperativas del Campo*). Como teremos ocasión de expor, no caso da UTECO de Ourense, dende 1959 rexistrárase un empeño especialmente destacado na constitución de cooperativas, coincidindo coa chegada á súa xerencia de Eulogio Gómez Franqueira.

### **Transformacións da economía agraria na evolución do franquismo.**

A comezos dos anos cincuenta, tamén no Ribeiro, escómézanse a superar as penurias derivadas da liña de intervención seguida pola administración franquista. En 1953 remata o racionamento e o comercio liberalízase paulatinamente. A reactivación económica xeral permitirá un maior dinamismo do mercado de traballo, que xunto coa reapertura do fluxo migratorio determinan a apertura de novas alternativas de reprodución social para as pequenas explotacións.

Se o decenio de 1950 asistía á estabilización da economía española, os anos sesenta e os setenta ate a mesma morte do dictador en 1975, virán marcados pola posta en práctica de programas modernizadores baixo o signo da planificación indicativa e que na súa praxe española coñecemos como *desarrollismo*.

Os obxectivos da administración franquista en materia agraria eran fundamentalmente os de reducir o número de activos agrarios, incrementar a produtividade agraria, adaptar as producións a novas

pautas de consumo e situar ás industrias agroalimentarias como verdadeiros vehículos motrices do proceso de cambios. As cooperativas, controladas dende o poder político, xunto cos grupos empresariais ben relacionados co rexime, tanto nacionais coma transnacionais, eran os modelos privilexiados.

Non cabe dúbida que este modelo agrario agachaba obxectivos políticos, e sociais do rexime. Por un lado en diversos sectores económicos a iniciativa era entregada a monopolios empresariais afectos ao rexime. O expoñente sería neste caso a eléctrica FENOSA, cuxo propietario prestara apoio financeiro ao bando franquista durante a Guerra Civil e en 1945 recibía a concesión de saltos hidroeléctricos na bacía media do Miño, o derradeiro dos cales sería construído a finais dos anos sesenta en terras do Ribeiro, asolagando o rico val vitícola de Castrelo e orixinando o maior conflito campesiño da Galiza da segunda metade do século XX. As cooperativas eran constituídas con afán de servir a un tempo como medio de control social do campesiñado. Como veremos na súa cúpula directiva sentaranse propietarios abastados e burócratas do rexime.

No Ribeiro, neste periodo comeza un éxodo rural masivo, a presión demográfica reláxase e mesmo se inicia o proceso de abandono de terras de cultivo que continúa ate a actualidade. O proceso productivo nas pequenas explotacións comeza a mudar sustancialmente no que se refire ao traballo das terras, por canto no referente á enoloxía, continuou o tradicional déficit en material e formación. Respecto do traballo das terras, as principais transformacións serán as derivadas dunha incipiente motorización das tarefas (laboreo, fumigación), a introducción de tractores e a xeneralización do emprego de novos compostos químicos, principalmente anticriptogámicos, herbicidas e insecticidas, altamente destructivos para o medio ambiente. Tratouse dunha adopción de innovacións pouco adaptada ao medio agrario no que se desenvolvía e escasamente efectiva en relación aos seus custes<sup>8</sup> (afrontados en moitos casos con capitais procedentes da emigración europea) e as melloras de produtividade efectivamente acadadas.

As canles tradicionais de comercialización de viño vense progresivamente dificultadas ao descender a venda directa de viño a granel dende as adegas familiares que a penas van poder adoptar solucións coma o engarrafado ou a diferenciación por calidade, nun mercado aínda pouco atento a premiar a elaboración dos caldos. O cooperativismo, no eido da comercialización vitivinícola, comezaba a configurarse coma a vía de supervivencia para os produtores do Ribeiro, independentemente do tamaño das súas explotacións.

---

<sup>8</sup> Non se constituiron asociacións de labregos para a merca en común de maquinaria, rexistrándose nalgúns casos mesmo un exceso de maquinaria en relación ao produto agrario obtido. O exemplo paradigmático é o dos tractores, a penas aptos para o transporte.

## Xénese e evolución do cooperativismo vitivinícola no Ribeiro.

No agro do sur de Galiza, o sector vitivinícola será o pioneiro no campo cooperativista. Non se trataba de arelas novas, pois moitos dos obxectivos a cumprir correspondíanse con alternativas xa trazadas na primeira metade de século ante as recorrentes crises da viticultura ribeirá, servindo por elo tamén de campo de ensaio, na experiencia cooperativa desenvolvida polo verticalismo ourensán no eido da gandería. As motivacións que levaban a un grupo de dirixentes de Hermandades e de importantes propietarios rústicos a animar a constitución de cooperativas vitivinícolas, eran segundo José Andrade, secretario de Hermandad, animador cooperativo e que chegaría a ser vicepresidente da Cooperativa Vitivinícola do Ribeiro, as seguintes:

*“Pois organizámola coas miras de poder facer viños en condicións, con garantía de podelos vender en mellores condicións que se estaban vendendo eiquí ó non estar en maus deses corredores que había que eran os que levaban os beneficios de toda a produción [...] ¡Claro, claro, eliminar ós intermediarios e mellorar os viños! [...] Os primeiros anos xa digo que foron amargos pola ignorancia [...] Unha cousa é ter unha idea pero outra é despoixa ser o suficientemente inteligente para desenvolver o choio<sup>9</sup>”.*

Na comisión de traballo *De Cooperativismo Agrario* do Consello Económico Social Sindical provincial de 1961, con Eulogio Gómez Franqueira, futuro presidente da cooperativa do Ribeiro, coma ponente e entre os vocais, Javier Vázquez Fidalgo<sup>10</sup>, deséñase unha ponencia na que se inclúe un plano de desenvolvemento cooperativo para a provincia de Ourense a cinco anos. No sector do viño pretendíase dobrar a capacidade da cooperativa San Pedro de Leiro, fundada xa en 1953 por 260 socios, ate os 20.000 hectólitros<sup>11</sup>. De nova factura planificábanse 18 novas adegas cooperativas para toda a provincia<sup>12</sup>, que sumarían unha capacidade vinificadora anual de 240.000 Hls., para unha produción estimada en 850.000 Hls. en toda a provincia. Prevíase un incremento do 50 % no prezo do viño da cooperativa con respecto á cotización

---

<sup>9</sup> Entrevista realizada por Raúl Soutelo e Santiago Míguez en 9/1/1996, páxinas 24 e 25. Museo Etnolóxico de Ribadavia (MER).

<sup>10</sup> Propietario vitícola acomodado que exercía a xerencia da adega cooperativa do Ribeiro de Avia de Leiro e tamén a comezos dos anos setenta, da cooperativa vitivinícola do Ribeiro.

<sup>11</sup> “Los vinos ourensanos tienen un mercado propio, tanto el regional de Galicia como de aquellas poblaciones nacionales y extranjeras con colonias de gallegos, que los absorben en su totalidad. Como demostración y prueba palpable de nuestra aseveración, señalaremos que la Bodega Cooperativa de Leiro fue requerida, en ventajosa oferta, para vender en la pasada campaña, toda su producción a Hispanoamérica”. Páxina 3 da subponencia de cooperativo agrario do CESS de Ourense de 1961.

<sup>12</sup> En 1964, xa se incrementaba polo mesmo CES de Ourense, no estudo *Esquema de la estructura económica de la provincia*, o obxectivo para 1967 de 22 adegas cooperativas que reuniran unha capacidade de elaboración de 420.000 hectólitros, a metade da produción total.

existente nas adegas particulares dos labregos, sendo dito incremento superior ao 100 % no caso de engarrarse o viño. Non era casual esta atención ao sector vinícola nos proxectos do aparello sindical franquista, pois tratábase xunto coa gandería vacuna do sector agrario galego tradicionalmente máis vencellado ao mercado, e no Ribeiro a viña constituía un cultivo maiormente orientado na súa comercialización cara fora da comarca.

Como referíamos, a primeira cooperativa de elaboración de viños constituíuse en Leiro, no val do Avia, en 1953, se ben non iniciaría o engarrado ate 1960. Esta experiencia do engarrado mostraría uns excelentes resultados, que se verían lastrados polo escaso risco adoptado en investimentos, que impedía satisfacer a demanda de viño branco engarrado, mentres que se mantiña a superproducción de tinto (Domínguez Castro, 1998: 117-119), que na súa maior parte había de venderse a granel, un atranco que se arrastrará durante este periodo do derradeiro franquismo.

En 1968 fundábase a Cooperativa Vitivinícola do Ribeiro, froito da fusión das adegas cooperativas *Nuestra Señora del Portal* de Ribadavia<sup>13</sup> e a de Leiro, cun volume de capital, instalacións, capacidade productiva e asociados moi superior á súa predecesora. A nova cooperativa atravesou graves problemas iniciais e que tamén se rexistraron noutras cooperativas da provincia de Ourense coma a do Barco de Valdeorras. Non se ofrecían ao mercado uns viños coas características dos mellor retribuídos<sup>14</sup>, polo que ían acuciar a finais dos anos sesenta e comezos dos setenta as cargas derivadas da amortización dos cretos solicitados, que sumaban en 1969 máis de 109 millóns de pesetas pendentes de pagamento e aínda en 1974 ascendían a 170 millóns. As condicións impostas aos socios para financiar a Cooperativa (entrega de uvas, ampliación de capital social) saldáronse en poucas campañas cun descenso do número de socios de 1.500 iniciais a 800 e coa renuencia en moitos casos, por parte dos socios que continuaron a entregar todas as uvas que producían á sociedade.

Nos primeiros pasos desta andaina o sindicalismo vertical aportou capitais procedentes do creto agrícola oficial, así coma o traballo de fomento do cooperativismo desenvolvido por varios dirixentes e secretarios de Hermandades locais, non obstante, foron poucas as expectativas que callaron e prolongado o proceso de fusión e constitución da cooperativa vitivinícola do Ribeiro.

---

<sup>13</sup> Fundada en 1963, malia un intento fallado en 1958, non embargante non chegará a operar como adega cooperativa ata a fusión.

<sup>14</sup> Os dirixentes das cooperativas achacaban aos seus asociados o non aportar as súas mellores uvas nin realizar vendimas axeitadas. Mais no ánimo destas actitudes *a priori* insolidarias e autodestructivas dos cooperativas estaban os problemas de xestión que arrastraban as sociedades, as súas elevadas débedas, os cambios nas directivas e incluso as denuncias de corruptelas e malversacións contabeis. Sección AISS, Caixa 3535, Arquivo Histórico Provincial de Ourense (AHPOU).

Como impulsores destacados e con presenza nas xuntas rectoras, a carón dos burócratas do rexime, destacaban os maiores propietarios de terras e produtores de viño. Xa a propósito do cooperativismo católico do primeiro terzo de século, destaca Martínez López (1989: 44) que aquel desenvolveuse máis naquelas bisbarras que dentro do contexto galego acollían unha maior capa de propietarios desafogados, capaces de desenvolver con certas garantías unha agricultura mercantilizada. Mais neste intre, o proceso de desagrarización económica do franquismo, mentres que os pequenos propietarios podían recorrer á emigración sen pechar unha explotación precaria, os patronos rurais estaban obrigados a competir no mercado ou a abandonar a actividade, como remataron por facer na inmensa maioría dos casos. Mais primeiramente ensaiaron o proxecto cooperativo. E en efecto, o cooperativismo devira ao longo dos anos sesenta como fundamental para permitir a supervivencia das explotacións vitícolas, especialmente das máis grandes, que estaban a ser seriamente perxudicadas pola conversión dos antigos corredores de viño do Ribeiro en almacenistas, o que estaba a provocar a caída dos prezos, daquela son un grupo que apoia decisivamente a creación de cooperativas (Domínguez Castro, 1999: 327), atraendo tamén a numerosos pequenos propietarios, e tutelando a súa xestión<sup>15</sup>.

Non embargante, a maior parte deste propietarios abandonaron a viticultura como actividade preferente neste periodo de fins dos anos sesenta e comezos dos setenta. As granxas cooperativas avícolas da UTECO provincial e sobor de todo a adicación ás chamadas profesións liberais e a xestión de investimentos inmobiliarios pasaron a centrar os seus negocios. Como citamos anteriormente, case a metade dos socios iniciais da cooperativa do Ribeiro causaron baixa nos primeiros anos de vida do proxecto. Moitos deles puideron continuar só gracias a que recibían ingresos procedentes de familiares emigrados.

O primeiro presidente da sociedade foi o tamén presidente da UTECO provincial Eulogio Gómez Franqueira, orixinario do Ribeiro. Exerceu o cargo de 1968 a 1973, se ben xa neste intre os seus proxectos centrábanse no grupo cooperativo gandeiro das *Cooperativas Orensanas* (COREN). Non embargante, a vitivinícola continuará dirixida por persoal da confianza de Franqueira, quen era procurador nas Cortes franquistas dende 1967 e que través das cooperativas ourensanas e da caixa rural de aforros<sup>16</sup> foi tecendo unha rede política que o convertiría na transición

---

<sup>15</sup> Así o testemuña un importante propietario e presidente da HSLG de Ribadavia (1951-1977) quen relataou como a cooperativa viuse impulsada pola necesidade que tiñan os que daquela producían viño (posteriormente como tantos outros propietarios abastados do Ribeiro substituíu as vides polas granxas avícolas e finalmente polos investimentos inmobiliarios) de atopar novas canles comercialización, así como pola necesidade de comezar co engarrafado de viño para obter maior valor engadido ás súas producións. Entrevista a Andrés López Alejos, realizada por Raúl Soutelo o 28/1/1996. MER.

<sup>16</sup> Fundada en 1961 dende o aparello sindical corporativista. Franqueira foi o seu primeiro presidente.

á democracia no dominador da escea política provincial como líder da Unión de Centro Democrático de Adolfo Suárez en Ourense<sup>17</sup>.

### **Os conflictos do viño.**

A existencia de cooperativas entraba en colisión cos intereses das adegas privadas. Dende comezos dos anos sesenta foronse desenvolvendo diversos almacéns de viños, moitos dos cales tiñan por propietario a antigos corredores de viños, quen exercían de intermediarios entre os compradores de viños que chegaban ao Ribeiro e os pequenos adegueiros. Os antigos corredores e agora almacenistas mercaban viños nas adegas familiares do Ribeiro e as máis das veces importaban viño de mesa doutras áreas do Estado Español, que reexpedían cara as súas antigas clientelas das áreas urbanas e costeiras de Galiza. Como viamos no punto anterior, a cooperativa constituíase como reacción dos máis importantes propietarios ante os almacenistas. O Consello Regulador da denominación de orixe Ribeiro foi o esceario da loita entre cooperativistas e almacenistas, especialmente dende que estes últimos constituiron a empresa *Cosecheros del Ribeiro S.L.* en 1976 (Domínguez Castro, 1998: 119). Dende a cooperativa acusábase aos almacenistas de introducir no mercado viños alóctonos con etiqueta de Ribeiro coa connivencia do ente regulador e perxudicando en derradeira instancia aos viticultores do Ribeiro, tal como o *matute* de comezos de século.

As críticas ao Consello Regulador dende o sindicalismo vertical do rexime comezaban ao tempo en que botaba a andar a Cooperativa do Ribeiro:

*“Asimismo se de cuenta de haber entrado nuevamente en funcionamiento, tras su reorganización, aunque bastante tardía, el Consejo Regulador de la Denominación de Origen “Ribeiro”, el cual, no obstante, reconocerle sus méritos, los viene haciendo con una labor bastante deficiente en su funcionamiento”*<sup>18</sup>.

Tamén se expresaban as queixas no incumprimento de acordos tanto para a merca de viños da zona como de prezos a satisfacer por parte dos almacenistas:

*“Asunto: Informando sobre partidas de vino del “Ribero” sin vender en poder de los agricultores y demás extremos relativos a dicho problema (...) son varios los agricultores que continuamente se vienen presentando en esta Hermandad, manifestando, que han apuntado su vino através de esta Entidad con objeto de que se tratase de canalizar su venta, a los precios que se habían prometido [Refírese á difusión do cartaz seguinte: “[...] los bodegueros exportadores de la zona de Ribadavia se comprometieron ante la Organización Sindical y el Consejo Regulador a comprar todo el vino apto para el consumo, a un precio comprendido entre 1.500 y 2.000 pesetas el moyo [132 litros] [...] Orense, Junio de 1975.], informando que en unos casos no tan solo les visitó nadie en sus*

---

<sup>17</sup> En 1977 a UCD, con Franqueira como cabeza de lista, obtiña catro dos cinco deputados da circunscrición provincial de Ourense nas Cortes do Estado.

<sup>18</sup> Reunión da Asemblea Plenaria da HSLG de Castrelo do Miño, 24/III/1968. Libro de actas da HSLG de Castrelo. Arquivo da Cámara Agraria de Toén (ACAT).

*bodegas y en otros, que se han personado almacenistas ubicados en la zona del "Ribeiro", ofreciéndoles por el vino que tienen en bodega sin vender a 900 y a 1.000 pesetas por el moyo, a la vez que le decían que no hiciesen caso de los avisos colocados por la Organización Sindical, ya que ellos comprarían el vino cuando les conviniese y al precio menor posible, y que si querían vender el vino que tenían que adaptarse a los "mundos". Que a los almacenistas del "Ribeiro" nadie les obligaba a comprar el vino, si no les conviene, que lo publicado en la prensa, fue para calmar los ánimos de los cosecheros, etc, etc [...] También [sic] sabemos que el Consejo Regulador, no se ha reunido nunca para tratar de esta cuestión [...] Por otra parte se observa que el Consejo Regulador, solo tiene el nombre, pues preguntando a varios vocales, dicen que no saben nada, que el Presidente provisional del mismo y un tal Alejandro son los que se entienden con los almacenistas. Tampoco se tiene conocimiento de que se haya realizado intervención alguna por parte del Consejo, contra los almacenistas ubicados en la zona del "Ribeiro" por las cantidades de vino que transportan de otras zonas no protegidas e introducen en sus bodegas para luego venderlas como vino "Ribeiro". La actuación de veedores se considera nula por completo, para los almacenistas del "Ribeiro" el consejo regulador no le significa el más mínimo respeto y está muy lejos de ejercer ante los mismos control alguno, si acaso teóricamente le sirve algo de propaganda y para cuando le conviene demostrar ante la competencia, que venden vino del "Ribeiro", para lo cual le facilitan en la oficina del Consejo Regulador los certificados de garantía que necesiten. Ante tal estado de cosas, los agricultores se van arreglando y venden su vino a los taberneros de vigo [sic] y demás zonas de Galicia que vienen al "Ribeiro", pero como luego los almacenistas que mezclan sus vinos se los ofrecen más baratos, hace que tal competencia repercuta en los agricultores a la hora de poner precio a su vino [...]”<sup>19</sup>*

Este conflicto polo mercado vinícola da marca "Ribeiro" tamén se trasladará ao plano político. Como vemos xa se escenificara durante a dictadura na loita entre as xerarquías sindicais (que controlaban a Cooperativa) e os almacenistas polo control dos entes reguladores da denominación de orixe. O conflito fírase máis explícito durante a transición, cos coopertivistas apoiando ó partido centrista UCD de Franqueira e os almacenistas partidarios da Alianza Popular dereitista. No medio deste fogo cruzado ficaban atrapados os labregos, que non só vían o seu traballo escasamente retribuído senón que eran forzados a entrar en redes de lealdade clientelar cos rectores da sociedade á que

---

<sup>19</sup> Escrito enviado pola presidencia da HSLG de Ribadavia á Cámara Oficial Sindical Agraria (COSA) de Ourense, 15/VII/1975. ACAT. Unha institución coma a Hermandad sindical local de Castrelo do Miño mesmo se negaba a colaborar co Consello Regulador: "Asimismo, por el Sr. Presidente de esta Entidad se informa a los reunidos de la negativa de esta Entidad a realizar los trabajos de Declaraciones de vinos por el Consejo Regulador de la Denominación de Origen "RIBEIRO", por cuanto su labor es absolutamente nula en la defensa de los vinos de la zona, por consiguiente, de los vinicultores.". Libro de actas do comité executivo da HSLG de Castrelo, sesión de 21-XII-1975. ACAT. En 1977 a Junta Local Vitivinícola da HSLG de Ribadavia denunciaba a presunta falla de veracidade de trece declaracións de colleita presentadas por sendos almacenistas ante o Servicio Provincial de Defensa contra Fraudes de Ourense, sen que as súas alegacións foran refrendadas no ente dependente do Ministerio de Agricultura. Fondos documentais da HSLG de Ribadavia, ACAT.

entregaban as súas uvas, entregando habitualmente tamén os seus votos e os das súas familias.

### **Conclusionés.**

O cooperativismo vitivinícola representa un balance altamente positivo para a viticultura do Ribeiro, vertebrando hoxe a maior sociedade vinícola galega e permitindo a supervivencia dunha histórica comarca. Non embargante pódense identificar puntos menos fulgurantes da xestión do proxecto no franquismo, remarcadamente a escasa adaptación ao medio social no que se desenvolvía, á pequena explotación. No franquismo, o desprezo da economía e a racionalidade campesiña, baixo os paradigmas da modernización e dun programa industrializador capitalista estaban á orde do día. Houbo desacoplamento entre as necesidades da cooperativa como ente que operaba no mercado e as lóxicas da pequena explotación, o que redundou en dificultades económicas da adega. A maior parte dos seus socios continuaron á fronte de explotacións pouco competitivas en canto a dimensión e especialmente no relativo a produtividade ate a consolidación da aposta polas castes autóctonas e os viños de calidade nos anos noventa que permitiron o despegue económico da sociedade e a consolidación e medre das explotacións máis innovadoras.

No plano socioeconómico, a cooperativa superou as case insalvabeis trabas para a capitalización da pequena propiedade, mais a contrapartida foi a falla de democracia interna. Dado que o marco xurídico limitaba as iniciativas autónomas e a comunidade campesiña atopábase en franco proceso de desestructuración a a xestión das cooperativas baixo o franquismo ficaba nas mans de xerarcas locais do rexime. Os socios fixéronse dependentes social e politicamente porque o eran economicamente ao non decidir, na práctica, na xestión da cooperativa. A falla de democracia interna nunha sociedade que comercialia case a metade da produción agraria da comarca constitúe unha das explicacións do elevado índice de continuidade das elites políticas do franquismo na democracia na zona, superior ao de Galiza, xa de por si un dos maiores no Estado.

Con todo non se pode deixar de sinalar a importancia do cooperativismo no desenvolvemento ou alomenos, na precaria pervivencia da viticultura galega, e que reside en que as firmas cooperativas foron as primeiras que tanto en Valdeorras coma en Monterrei e o Ribeiro, comezaron a engarrafar e exportar en cantidades. Esta maior atención aos requerimentos dos mercados de elevado poder adquisitivo posibilitou prezos máis elevados para os viticultores. Non embargante, as dificultades das cooperativas nos seus comezos, as malas xestións en moitos casos e o escaso volume de comercialización con respecto á produción vinícola total das comarcas nas que se inserían, reduciron en gran medida o impacto positivo que o cooperativismo puido representar ate a actualidade na viticultura ourensá.

## BIBLIOGRAFÍA.

- APARICIO PEREZ, M. A. (1980) *El sindicalismo vertical y la formación del Estado franquista*. Eunibar, Barcelona.
- BARCIELA LOPEZ, C., LOPEZ ORTIZ, M<sup>a</sup>. I., MELGAREJO MORENO, J., MIRANDA ENCARNACION, J.A. (2001) *La España de Franco (1939-1975). Economía*. Síntesis, Madrid.
- BARRULL, J., BUSQUETA, E. e VICEDO, A. (Eds.), (1998) *Solidaritats pageses, sindicalisme i cooperativisme. Segones jornades sobre sistemes agraris, organització social i poder local als Països Catalans*. Institut d'Estudis Ilerdens, Lleida.
- BEIRAS TORRADO, X. M. (1967) *El problema del desarrollo en la Galicia rural*. Galaxia, Vigo.
- BERNARDEZ SOBREIRA, A. (1999) *A planificación agraria na Galicia da autarquía (1939-1959)*. Consellería de Agricultura, Santiago de Compostela.
- BERNARDEZ SOBREIRA, A e CABO VILLAVERDE, M. (1996) "Ciencia y dictadura: la investigación agronómica en Galicia durante el primer franquismo (1936-1950)" en *Noticiario de Historia Agraria*, nº 12, pp. 119-139.
- CABO VILLAVERDE, M. (1998) *O Agrarismo*. A Nosa Terra, Vigo.
- CALVO VICENTE, C. (1995) "El concepto de consenso y su aplicación al estudio del régimen franquista", en *Spagna Contemporanea*, nº. 7, pp. 141-158.
- CATALAN, J. (2002) "Franquismo y autarquía, 1939-1959: enfoques de historia económica", en *Ayer*, nº. 46, pp. 263-283.
- COLINO SUEIRAS, J. (1984) *La integración de la agricultura gallega en el capitalismo. El horizonte de la CEE*. MAPA, Madrid.
- COLINO SUEIRAS, X. e PÉREZ TOURIÑO, E. (1983) *Economía campesina e capital. A evolución da agricultura galega. 1960-1980*. Galaxia, Vigo.
- COLOMÉ FERRER, J. (1995) "Las formas tradicionales de protesta en las zonas vitícolas catalanas durante la segunda mitad del siglo XIX" en SEHA. Actas do VII Congreso de Historia Agraria, Úbeda, pp. 133-143.
- COLLARTE PÉREZ, A. (2002) *As Hermandades Sindicales no rural ourensán. Economía e sociedade baixo o franquismo (1944-1978)*. Departamento de Historia Contemporánea e de América, USC, traballo de terceiro ciclo inédito.
- (2003) "Aspectos do cooperativismo agropecuario franquista en Ourense" en *Murguía*, nº. 1, pp. 67-85.
- DOMINGUEZ CASTRO, L. (1992) *Viños, viñas e xentes do Ribeiro. Economía e patrimonio familiar, 1810-1952*. Xerais, Vigo.
- (1995) "Reflexións en torno ás crises vitícolas no Ribeiro contemporáneo" en *VIII Xornadas de Historia de Galicia. Aspectos históricos de Ourense*. Deputación de Ourense, Ourense, pp.197-212.
- (1998) "O mundo da viticultura galega contemporánea: a comarca do Ribeiro" en Juana, J. de e Castro Pérez, X., *X Xornadas de Historia*

- de Galicia. *Grandes transformacións na historia Contemporánea de Galicia*. Deputación Provincial, Ourense, pp. 105-121.
- (1999) “Sindicalismo vertical y cooperativismo: los orígenes del cooperativismo vitícola en Ribeiro (Ourense), 1952-1967”, en *Tiempos de silencio. Actas del IV Encuentro de Investigadores del Franquismo*. Universitat de València, València, pp. 326-332.
  - FERNANDEZ, G. (1975) *Galicia y las Cooperativas Orensanas*. Dagur, Madrid.
  - FERNANDEZ PRIETO, L. (1992) *Labregos con ciencia. Estado, sociedade e innovación tecnolóxica na agricultura galega, 1850-1939*. Xerais, Vigo.
  - (1993). “Represión campesina y desarticulación social en Galicia. La destrucción de la organización societaria campesina (1936-1942)”. *Historia Social*, nº 15, pp. 49-70.
  - FERNÁNDEZ ROCA, F. J. (2001) “Las cooperativas algodoneras durante el franquismo” en *Historia Agraria*, nº. 24, pp. 173-202.
  - GARRIDO HERRERO, S. (1994) “Política estatal sobre cooperativismo a principios del s.XX” en *Noticario de Historia Agraria*, nº. 7, pp. 131-154.
  - IDEGA-USC (1995) *Potencial innovador e cambio tecnolóxico nos sectores productivos de Galicia. Vol. V. Política agraria e innovación inducida no sector agropecuario galego*. Santiago de Compostela.
  - JEREZ MIR, M. (1996) “El régimen de Franco: élite política central y redes clientelares (1938-1957)” en Robles Egea, A. (comp.), *Política en penumbra. Patronazgo y clientelismo políticos en la España contemporánea*. Siglo XXI, Madrid, pp. 253-274.
  - MARTÍNEZ LOPEZ, A. (1989) *O cooperativismo católico no proceso de modernación da agricultura galega, 1900-1943*. Deputación Provincial, Pontevedra.
  - NAREDO, J. M. (1977) *La evolución de la agricultura en España. Desarrollo capitalista y crisis de las formas de producción tradicionales*. Laia, Barcelona (1ª edición de 1971).
  - ORTIZ HERAS, M. (1992), *Las Hermandades de Labradores en el franquismo. Albacete 1943-1977*. Instituto de Estudios Albacetenses-CSIC, Albacete.
  - POSADA, X. (1981) *Os viños de Galicia*. Galaxia, Vigo (3ª edición, 1ª edición de 1978).
  - REGIDOR, J. G. (1987) “Innovación tecnológica en la agricultura y acumulación de capital: un análisis crítico de la revolución verde” en *Revista de Estudios Agro-Sociales*, nº. 142, pp. 7-30.
  - SARDINA-PARAMO, J.A. (1971) *El cooperativismo en Galicia*. Porto, Santiago de Compostela.
  - SCOTT, J. (1997) “Formas cotidianas de rebelión campesina”, en *Historia Social*, nº. 28, pp. 13-39 (original en lingua inglesa en *The Journal of Peasant Studies*, vol. 13, nº. 2, 1986).
  - SEVILLA-GUZMÁN, E. (1979) *La evolución del campesinado en España*. Península, Barcelona.
  - SEVILLA-GUZMÁN, E. e GONZÁLEZ DE MOLINA, M. (1993) “Ecología, campesinado e historia: Para una reinterpretación del desarrollo del capitalismo en la agricultura” en Sevilla Guzman, E. e González de

- Molina, M. (Eds.) *Ecología, campesinado e historia*. La Piqueta, Madrid, pp. 23-129.
- SILVA, M. C. (1989) "Economía, campesinado e *Estado Novo*", *Ler Historia*, nº 15, Lisboa, pp 111-155.
  - SILVA, M. C. e TOOR, M. von (1988) "Camponeses e patronos: o caso de uma aldeia minhota" en *Cadernos de Ciências Sociais*, nº. 7, pp. 51-80.
  - SOUTELO VAZQUEZ, R. (1999) *Os intelectuais do agrarismo. Protesta social e reformismo agrario na Galicia rural: Ourense 1880-1936*. Universidade de Vigo, Vigo.
  - (2000) "Organización y movilización campesina en el Ribeiro ourensano, 1880-1936". *Minius*, Ourense, nº 8, pp. 101-149.
  - (2001a) *Galicia nos tempos de medo e fame: autarquía, sociedade e mercado negro no primeiro franquismo, 1936-1959*. IDEGA-USC, Santiago de Compostela.
  - (2001b) "*Las uvas de la unión*. Organización y movilización campesina en la vitivinicultura gallega: el Ribeiro ourensano, 1880-1936", en *Historia Agraria*, nº 25, pp. 121-156.